

CONCURSO DE RECOMENDACIÓNS LITERARIAS

Dende A Esperela propoñévosmos que nos enviades as vosas recomendacións de lecturas favoritas porque no Mosteirón temos grandes lectores:

- Novelas de amor, misterio, cómics, dramas, historias fantásticas de personaxes lendarios, segredos, paixóns, sentimentos a flor de pel e momentos de risas... Que libro ou cómic fíxoche sentir algo especial ou simplemente pasar un bo intre?
- Todos/as os/as voluntarios/ as que queirades participar enviaredes un guión previo a aesperela@gmail.com para que reciba o visto e praxe.
- Unha vez que o teñades, poderedes gravalo cunha duración que non pode ser superior a UN MINUTO E MEDIO e subilo a este foro especial de “Lendo Xuntos”. O audio EN GALEGO ten que conter os seguintes elementos:
- **PRESENTACIÓN:** Nome sen apelidos e o curso ao que pertences. Por exemplo: “Ola, son Carla de 1º A”.
- **FICHA DO LIBRO:** O libro ou cómic que lestes mencionando o título, o autor, a editorial e o número de páxinas.
- Por exemplo: • “Lin *A Lección de August* de R. J. PALACIO, publicado na editorial NUBE DE TINTA. Ten 406 páxinas.
- **COMENTARIO DO LIBRO:**
 - 1.Comenta a historia, a época e lugar no que transcorre, o narrador(tipo de narrador), os personaxes, algo que che chamara a atención.
 - 2.Comenta por que recomendarías ese libro ou cómic. Explica os motivos.
 - 3.Unha vez que terminases a gravación podes subila a este foro cunha foto da portada, o voso nome e curso para que toda a comunidade de O Mosteirón poida escoitala.
- A continuación tedes un exemplo do que podedes facer:



• 'La ratonera' de Agatha CHRISTIE (Pablo, 3E)

<https://www.ivoox.com/46077164>

E para aprender a facer un podcast deixámosvos esta ligazón ao CURSO COMPLETO DE AUDACITY.

<https://youtu.be/YhU8R08H1R8>

DATA LÍMITE DE ENTREGA: 20 DE XUÑO

FAREMOS UN SORTEO ENTRE TODO O ALUMNADO PARTICIPANTE E TRES GAÑADORES OU GAÑADORAS RECIBIRÁN UN GRAN PREMIO.